



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Econometría | Código | 611G02019 | |
| Titulación | Grao en Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Economía | | | |
| Coordinación | Rey Graña, Carlota | Correo electrónico | carlota.rey@udc.es | |
| Profesorado | Lodeiro Hermida, María Jose Rey Graña, Carlota | Correo electrónico | maria.lodeiro@udc.es carlota.rey@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia, fortemente relacionada coa teoría e a política económica, a estatística e as matemáticas, é unha continuación da Introducción á Econometría impartida no primeiro cuatrimestre, e céntrase, basicamente, en proporcionar un soporte axeitado que permita unha posterior ampliación dos coñecementos no marco da disciplina. A utilización de técnicas de inferencia estatística e a valoración da posible aplicación dos modelos con fins predictivos constitúen unha parte fundamental do temario. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A3 | Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa. |
| A4 | Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados. |
| A6 | Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido. |
| A8 | Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais. |
| A9 | Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional. |
| A10 | Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés |
| A11 | Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos. |
| A12 | Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo. |
| B1 | CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo |
| B3 | CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B5 | CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B10 | CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |



| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|----------------|----------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer e utilizar axeitadamente algunhas técnicas de inferencia estatística e comprender os resultados da súa aplicación empírica. | A3 A4 A6 A8 | B3 B4 B5 | C1 |
| Coñecer e valorar a utilidade dos modelos econométricos no campo da predición. | A3 A4 A6 A8 | B1 | C1 C5 C6 |
| Coñecer e aplicar os procedementos do software apropiado para estimar, contrastar e predicir cun modelo de regresión lineal múltiple. | A3 A4 A8 A9 A10 | B2 | C8 |
| Analizar, dende un punto de vista crítico, os resultados da aplicación das técnicas e instrumentos que se utilizan no ámbito da disciplina. | A11 A12 | B10 | C1 C4 C7 C8 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. O modelo de regresión lineal clásico. | <ul style="list-style-type: none"> - Revisión das hipóteses e do proceso de estimación. - Propiedades dos estimadores. - Análise da bondade do axuste. |
| 2. Inferencia no modelo clásico. | <ul style="list-style-type: none"> - Hipótese de normalidade. - Distribucións de probabilidade dos estimadores. - Contrastes de hipóteses para os parámetros. - Estimación por intervalo. |
| 3. Predición no modelo clásico. | <ul style="list-style-type: none"> - A predición: concepto e clases. - Predición óptima no modelo clásico. - Medidas avaliadoras da capacidade predictiva. - A estabilidade no período de predición. |
| 4. Multicolinealidade. | <ul style="list-style-type: none"> - Concepto. - Causas e consecuencias. - Procedementos para detectala. - Posibles formas de actuar. - Selección de regresores. |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A9 B10 C7 C8 | 1 | 0 | 1 |
| Sesión maxistral | A11 B1 B2 B3 B4 B5 B10 C5 C6 C7 C8 | 17 | 34 | 51 |
| Obradoiro | A3 A6 A8 A11 A12 B3 B5 B10 C1 C4 C5 C6 C7 C8 | 17 | 42.5 | 59.5 |



| | | | | |
|---------------------------|--------------------------------------|-----|----|-----|
| Prácticas a través de TIC | A4 A6 A10 A11 A12 B5 B10 C1 C4 C8 | 8 | 16 | 24 |
| Proba obxectiva | A3 A8 A11 | 2 | 6 | 8 |
| Atención personalizada | | 6.5 | 0 | 6.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Consisten na presentación da materia suxerindo a revisión dalgúns conceptos correspondentes a outras que xa se teñen cursado. Tamén se expoñen detalladamente os resultados da aprendizaxe, as actividades coas que se pretende acadalos e os criterios para a avaliación. |
| Sesión maxistral | Aínda que se fomentará a participación dos alumnos, cada sesión maxistral consiste na exposición oral dos conceptos e métodos por parte dos profesores. A exposición complementase coa utilización de medios audiovisuais e inclúe exemplos e exercicios que permiten destacar as limitacións e as posibilidades dos métodos expostos. |
| Obradoiro | Cada taller é unha sesión interactiva na que se realizan aplicacións, exercicios, problemas e tarefas prácticas que permiten aos alumnos comprender os fundamentos teóricos da materia e aprender a valorar, dende un punto de vista crítico, os resultados obtidos. |
| Prácticas a través de TIC | Son sesións interactivas dedicadas á aprendizaxe das ferramentas informáticas apropiadas para efectuar aplicacións empíricas dos métodos expostos nas sesións teóricas. |
| Proba obxectiva | É unha proba para avaliar o grao de aprendizaxe. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Obradoiro Proba obxectiva Prácticas a través de TIC | A heteroxeneidade dos estudantes, no que se refire á súa formación previa e á súa situación académica, require unha atención personalizada que permita resolver as dúbidas específicas que teñan ao longo do curso. Neste sentido, as prácticas a través de TIC, os obradoiros e as titorías configúranse como ferramentas importantes para resolver problemas teóricos e empíricos, tanto a nivel colectivo como individual. |

| Avaliación | | | |
|-----------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Obradoiro | A3 A6 A8 A11 A12 B3 B5 B10 C1 C4 C5 C6 C7 C8 | Nestas clases os alumnos deberán resolver e entregar as probas, controis, problemas e cuestións que lles sean propostos, na forma que se detallará ao comenzo do curso. | 60 |
| Proba obxectiva | A3 A8 A11 | A proba obxectiva para a avaliación da aprendizaxe combina preguntas conceptuais e de razoamento con outras de contido practico coas que poden achegarse saídas de ordenador para a súa interpretación. | 40 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



A) Cualificacións primeira oportunidade (xuño) e segunda oportunidade (xullo).

As actas incluírán a máis alta das seguintes cualificacións:

A.1. Suma das puntuacións obtidas na avaliación continua (máximo 6 puntos) e na proba obxectiva (máximo 4 puntos).

A.2. Cualificación obtida na proba obxectiva puntuada sobre 10.

En calquera caso, para aprobar a materia o alumno deberá obter polo menos 5 puntos dun total de 10.

B) Oportunidade adiantada.

Haberá unha única proba que se valorará cun máximo de 10 puntos, e que terá como base o temario completo que se describe no apartado "Contidos" da guía docente do curso académico vixente. Para aprobar a asignatura o alumno debe obter ao menos 5 puntos (sobre un total de 10).

C) O sistema de avaliación será aplicado tal como se describiu a todos os alumnos con independencia da súa situación académica. Os que teñan recoñecemento de dedicación parcial están exentos de asistencia excepto nas datas de realización das probas.

D) Ningua proba de avaliación poderá substituírse por exercicios ou outras tarefas. E) A cualificación de non presentado corresponde só a os alumnos que participen en actividades de avaliación cunha ponderación inferior ao 20 por cento do total. F) Como é preceptivo, as probas réxense polas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e master universitario. Recoméndase prestar especial atención aos artigos 10 (Identificación dos estudantes) e 14 (Comisión de fraude e responsabilidades disciplinarias). G) As sancións derivadas das faltas disciplinarias do alumnado

rexeranse polo «Regulamento Disciplinario do Alumnado da Universidade da Coruña»

(https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/002067/document?logicalId=d9aad75e-3125-4b95-a65b-cf90c5d2702a&documentCsv=841SMNFA1E7VEHC802N69E7U)

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Rey Graña, C. y Lodeiro Hermida, M. (2021). Econometría para entender. https://fee.carlarey.es/ - Ramil, M.; Rey, C.; Lodeiro, M.; Arranz, M. (2013). Introducción a la econometría. Teoría y práctica. Reprografía Noroeste, S.L. - Carrascal, U.; González, Y.; Rodríguez, B. (2001). Análisis econométrico con Eviews. Ra-Ma. - Guisán, M.C. (1997). Econometría. McGraw-Hill. |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Gujarati, D.; Porter, D. (2010). Econometría. McGraw-Hill. - Wooldridge, J. (2012). Introducción a la econometría. Un enfoque moderno. Thomson. <p>A medida que se avanza no coñecemento das técnicas econométricas é recomendable a lectura de artigos enfocados a resolver problemas reais da economía, tales como os que poden atoparse en acceso libre en http://www.usc.es/economet e http://ideas.repec.org. Utilizaranse, ademais, outros libros de texto, distintas fontes de datos e material dispoñible na rede, que se detallarán ao longo do curso.</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Microeconomía/611G02001
 Principios de Macroeconomía/611G02005
 Estadística I/611G02006
 Matemáticas I/611G02009
 Matemáticas II/611G02010
 Estadística e Introducción á Econometría/611G02014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Esta materia é a continuación da Introducción á Econometría; por tanto, é moi importante que os alumnos estean familiarizados co seu contido. Recoméndase revisar o material correspondente antes ou ao comezo do cuadrimestre.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías